

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE: 8720/2021**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta, en funcións, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 241, de 20 de outubro de 2021, publica a convocatoria do proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan na piscina municipal na categoría profesional de "MONITOR/A DEPORTIVO/A-SOCORRISTA", sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal. Expte.: 4133/2020.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 03 de novembro de 2021 na que se nomea o Tribunal do proceso selectivo de lista de emprego de monitor/a deportivo/a - socorrista.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 05 de novembro de 2021 na que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos de dito proceso selectivo.

Vista a base xeral 8.2, que sinala "(...)**Prazo de alegacións e subsanación de documentación referente á exclusión (documentos a) e b) das bases**).- A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique..."

Vista a alegación presentada por D. Daniel Peral López en data 05 de novembro de 2021 na que solicita ser admitido a dito proceso selectivo.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan telemáticamente o luns día 08 de novembro de 2021, ás 13:30 horas, para a resolución da alegación presentada por D. Daniel Peral López á lista provisional de admitidos e excluídos da lista de emprego de monitor/a deportivo/a socorrista.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

